



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE MARZO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN E ACCESO ÓS NÚCLEOS DE BARCALA, CORA, SANTA CRISTINA DE VEA E OUTROS (OBRA DO FEIL)".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 2 DE ABRIL DE 2009

Vista a proposta da Mesa de Contratación de data 26-03-09.

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "Pavimentación e acceso aos núcleos de Barcala, Cora, Santa Cristina de Vea e outros (Obra FEIL)".

Vista a documentación administrativa e as ofertas formuladas por TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.; DAGO, S.A.; COVSA e a UTE conformada por OCYSGA, S.L. e FIRMES ALAVESES, S.A.

Tendo en conta o empate entre as ofertas realizadas por TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.; DAGO, S.A. e a UTE, que foi resolto por sorte público, en favor de TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 27-03-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras "Pavimentación e acceso aos núcleos de Barcala, Cora Santa Cristina de Vea e outros (Obra FEIL)", por importe de 575.966,98 €, a TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L. con arranxo ao Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificado da Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ao corrente coas súas obrigacións tributarias.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.
- Certificado de que se atopa ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.
- Copia dos contratos de traballo dos 7 traballadores desempregados que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ao prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratacións a

tempo parcial, nin de contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por unha duración de tempo inferior ao prazo de execución da obra.

- Tarxetas de desemprego deses 7 traballadores desempregados contratados (inmediatamente anteriores a dita contratación).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 2 de abril de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López